

PÍSCORE presenta

MOLTO BARROCO



**ESTREA
FEBREIRO
2023**

PÍSCORE TEATRO:

A compañía Píscore Teatro, fundada en 2015, está composta polos músicos e actores Félix Rodríguez, Diego Rosal, Pepe Varela e Pablo Cabanelas. Nestes sete anos de traxectoria estrearon dous espectáculos: *Concerto Singular* en outubro de 2016 e *Concerto ConFusión* en maio de 2019. Con ambas producións teatrais realizaron a versión con banda de música con diversas formacións.

A filosofía de Píscore Teatro é crear espectáculos onde o teatro, o humor e a música clásica e contemporánea se dean a man. Froito desta combinación, os espectáculos *Concerto Singular* e *Concerto ConFusión* acumulan máis de 200 pases, tanto en Galicia coma no resto do estado. Sempre con orixinalidade, e con propostas novas e actuais, a posta en escena sempre se basea nesta mestura de ingredientes, buscando sorprender ao público dende diferentes prismas: a comedia física, o virtuosismo sobre os instrumentos (principalmente marimba e xilófono) e as composicións musicais de recoñecida calidade.

En 2022 Píscore Teatro estreará a súa terceira produción ***Molto Barroco***. De creación propia e dirixido de novo por Fran Rei, neste espectáculo os recursos actorais que entran en xogo pasan polos trazos interpretativos máis realistas dun músico barroco combinados co clown, a comedia física, os xogos malabares e os números de baile, destrezas que aportarán á escena outros estímulos que otorguen un maior dinamismo a esta proposta e eviten caer no perigo evidente dunha posta en escena excesivamente pedagóxica. Contamos para esta fin cun elenco sólido, ben ensamblado e de capacidade probada, ademais dun equipo de grandes profesionais na dirección teatral, nos xogos malabares e nas coreografías cómicas. Igualmente, terá especial relevancia o carácter orixinal da creación do espectáculo, tanto a parte teatral e cómica como a parte musical.



PREMIOS:

Concerto Singular

Premio do público no Festaclown Vilagarcía 2017

Concerto Singular

Espectáculo para maiores de 12 anos mellor valorado na
Programación Domingos do Principal de Pontevedra 2018

Concerto Con Fusión

Premio do público no Festaclown Vilagarcía 2019

Concerto Confusión

Espectáculo galego mellor valorado na
Programación Domingos do Principal de Pontevedra 2020



MOLTO BARROCO:

SINOPSE:

Unha corte real europea a mediados do século XVIII habitada por catro personaxes: o Rei, a Raíña o Compositor de Corte e o bufón que frecuentan as dúas estancias do palacio real: un salón de baile, con todos os luxos da época, onde ocorre e transcorre a trama principal, un cuarto escuro e pequeno onde o Compositor da Corte se reúne cos seus tres músicos de cámara para intentar sacar adiante os encargos musicais do monarca. Un espectáculo onde as personaxes, as músicas orixinais e adaptacións, o teatro cómico e os espazos escénicos se mesturan completamente nunha festa da mellor música barroca.

Con motivo do baile de petición de man da súa prometida, o Rei encarga ao Compositor da corte unha peza orixinal. Esta solicitude desencadea unha serie de escenas cómicas entre o Compositor e os seus tres músicos de cámara nas que teñen cabida todo tipo de gags, rutinas cómicas e musicais, bailes e ata xogos malabares. Pero, paralelamente, o espectáculo nótrese doutra sinxela trama, unha sorte de comedia de enredo entre o Rei, a súa prometida e, se cadra, futura Raíña e o Compositor. Un triángulo amoroso que contará coa complicidade dun Bufón de actitude irreverente.

Molto Barroco é, antes que nada, unha reivindicación das composicións musicais barrocas desde o teatro. No noso espectáculo estará presente unha marabillosa música orixinal de inspiración barroca composta por Adrián Saavedra, así como diversas adaptacións das pezas barrocas para marimba, xilófono e outros instrumentos de percusión. Pero máis que unha posta en valor, Píscore Teatro ofrece a posibilidade de disfrutar, desde o teatro, da música da época barroca, nun

proxecto teatral que vén asentado sobre o ton cómico, apartado do academicismo, que inundará todo o espectáculo.

En ***Molto Barroco*** terán cabida pezas clásicas que, por momentos, adquirirán un ton contemporáneo grazas ao xogo escénico, o que facilitará a súa comprensión e, por suposto, disfrute por parte da audiencia, especialmente entre o público máis novo. Ao mesmo tempo, potenciaremos a figurado compositor e organista barroco galego Frei Bartolomé de Olagüe, un artista cun importantísimo legado musical que, desgraciadamente, é un gran descoñecido para o público xeral. Xa por último, no que ao apartado musical se refire, faremos unha clara e decidida reivindicación das mulleres compositoras do barroco, tan inxustamente tratadas na historia da música a pesar do seu enorme talento.

A MÚSICA BARROCA:

A historia da música tivo un punto clave na era barroca, período que se desenvolve ao longo de século e medio, entre inicios do XVII e medados do XVIII, a través da aparición de obras totalmente distintas as que se puideron disfrutar ata o momento, e o nacemento de xéneros como a ópera, que provocou un cambio de perspectiva brutal e definitivo á hora de concebir a música. Falar de música barroca é falar, sen dúbida algunha, dun punto de inflexión na maneira de entende, disfrutar e compoñer a música en Europa.

Antes da música barroca, en Europa só existía a música sagrada, e a repercusión das pezas musicais non era nin moito menos tan extendida como o sería a partir do nacemento da ópera, un espectáculo que estaba ao servizo das novas modas urbanitas, como un exemplo do ocio que se ía instaurar a partir dese momento no Vello Continente. Este, quizáis, sexa o aspecto máis interesante da música

barroca para Píscore e Fran Rei, director do espectáculo, a música como pracer; xa non se fan composicións só para actos relixiosos, senón para o gozo.

A música barroca conta con algúns dos mellores compositores de tódolos tempos, incluíndo ao gran Johann Sebastian Bach, para moitos o máis grande de todos, tanto que a final deste período a música europea márcase coa súa morte no ano 1750.

Século e medio de cambios musicais que trouxeron sen dúbida a definitiva “modernidade” a música, coa chegada do baixo contínuo e a tonalidade como bases da maioría de composicións, a aparición de moitos novos instrumentos e formas interesantes de composición como a sonata ou o concerto, que se manterían posteriormente, xa no período rompántico, mesmo cando se consideraba a todo o barroco “basto e anticuado”.

OS COMPOSITORES:

Algúns dos compositores máis importantes de toda a historia da música formaron parte do período Barroco. Na escola italiana, unha das dúas principais correntes deste período, atopamos a artistas como Monteverdi, Corelli ou Vivaldi, sendo este último case sempre escollido como o exemplo perfecto de músico barroco italiano. En Centroeuropa, xa no Barroco tardío, encontramos a músicos tan importantes como Handel, Telleman o Johann Sebastian Bach, que levou a música barroca a un novo universo, servindo como bisagra perfecta para o Clacisimo e o Romanticismo que chegaría despois deste período. Os músicos franceses como Lully, ou ingleses como Henry Purcell, que estarán representados no noso espectáculo cunha das súas composicións, tamén teñen certa importancia neste período, sobre todo pola expansión da ópera e os concertos nos seus respectivos países.

Todos estes nomes son de sobra coñecidos pola maioría do público xeral e por suposto, tamén polos amantes da música. Vivaldi e as súas Catro Estacións exemplifican á perfección o estilo italiano, cunha obra moi popular que conta xa con máis de 300 anos e segue tan vixente como o primeiro día. As óperas de Monteverdi supuxeron tamén un antes e un despois nese estilo, así como as sonatas de Corelli, primeiras representantes desas formas musicais. E se falamos de Bach, non podemos esquecernos de nomear o Clave Bien Tibio ou a famosa obra A arte da Fuga, onde Bach xoga coas vices e os contrapuntos de maneira maxistral. O Mesías é seguramente a obra máis representativa de Handel, tamén moi popular nos nosos tempos.

A COMEDIA:

A risa é o camiño máis curto entre dúas persoas. E a risa é tamén unha poderosa ferramenta de comunicación co público. Paralelamente á música, a comedia será un vector fundamental de ***Molto Barroco***. Empregaremos o humor para difundir, apreciar e disfrutar da música barroca. Os catro actores músicos da compañía volverán a estar baixo a batuta teatral de Fran Rei, director de teatro e experto en clown. Ademais, para o presente espectáculo, a compañía contara coa colaboración de tres importantes talentos que, ademais de calidade artística, aportarán altas dosis de comicidade ás rutinas musicais. Estamos falando de Nuria Sanz, experta en teatro físico, Pablo Reboleiro, mestre dos xogos malabares e do teatro cómico e Sonia Míguez, coreógrafa con experiencia en baile cómico.



A MÚSICA ORIXINAL: Adrián Saavedra

Esta é, sen dúbida, unha das xoias da nosa proposta, un traballo fenomenal dun dos compositores galegos con máis talento. A composición musical orixinal en *Molto Barroco*, grandilocuente, complexo nas súas liñas, de renovación sonora e fainas sevir como motor para unificar a música, poesía e teatro, precisamente os tres elementos que conforman a Ópera tal e como a coñecemos hoxe en día.

Cada número musical pretende facer un percorrido polos xéneros que maior difusión tiveron: O Tema con variacións, A Fuga, A Sonata e, en definitiva, a explosión histórica da música instrumental, anteriormente relegada a un segundo plano pola música vocal. A partir do Barroco, a posta en valor do instrumentista faise latente ata os nosos días.

A proposta musical orixinal composta para o noso espectáculo parte dunha visión actual, tomando instrumentos alleos como a marimba, o xilófono, instrumentos eléctricos ou a voz, que se converte no vehículo para reforzar a acción visual. A marimba é o noso “órgano/clavecín”, e terá que verse man a man con conceptos como a improvisación, o contraste sonoro e visual e a posta en escena, así como unha aportación a outros campos, como a danza (ballet) ou os xogos tradicionais que se mesturan con representacións burlescas e pantomimas.

Un recente estudo de Andrés Díaz Pazos fai fincapé na máis que probable existencia dunha rede de creación compositiva que se extendía dende os mestres de camilla da catedral de Santiago de Compostela e que formou parte dunha das grandes coleccións recollidas do S. XVII, o Libro de Cifra de Oporto. Precisamente, unha elección de pezas do mestre Bartolome de Olagüe, nacido en Compostela, e compositor coa maior e máis importante obra da época, servirannos como punto de partida na nosa viaxe musical.



A MÚSICA BARROCA:

Paralelamente á música orixinal de Adrián Saavedra, e como non podía ser doutro xeito, en *Molto Barroco* incluímos diversas pezas de recoñecidos compositores da época. Neste sentido, na playlist do espectáculo terá unha importante presenza os arranxos para marimba e xilófono da Sonata en Do Maior K. 461 de Domenico Scarlatti e a Música incidental para Abdelazer de Henry Purcell. ta en 1755.

Sonata en Do maior K.461, de Domenico Scarlatti, foi composta en 1755. Esta Sonata está escrita en compás de $\frac{3}{8}$ con indicación “Allegro” e ten forma binaria con repeticións. O seu rasgo máis característico é o emprego contínuo de escalas interpretadas “en espello” entre as dúas mans, o que dota a súa execución dunha plasticidade e simetría perfectas para os obxectivos escénicos de *Molto Barroco*.

A música incidental para Abdelazer (A Venganza do Moro) é unha composición de Henry Purcell de 1695. Trátase da “banda sonora” dunha obra teatral de 1676 de Aphra Behn, adaptación da traxedia “Os Dominios da Luxuria”. Esta composición consta dos seguintes movementos: Obertura, Rondeau, Air, Air, Minueto, Air, Jig, Hornpipe, Air e Canción “Lucinda é feiticeiramente bela”. Dentro da nosa produción interpretaremos o Rondeau. Trátase, sen dúbida, da sección máis popular da obra, que xa foi utilizada por Benjamin Britten na súa “Guía de Orquesta para Jóvenes” (1946), como tema da serie de televisión “The First Churchills” (1969), como introdución do videoxogo “Thunder Castle” (1986) e que pode ser escoitado como a música del baile de Netherfield na película “Orgullo e Prexuício” (2005). Tendo en conta todo isto está máis que comprobada a adaptación desta peza barroca ás artes escénicas e audiovisuais, e este será un dos momentos máis álxidos do espectáculo.



CULTURACTIVA PRODUCCIÓN:

Culturactiva somos un pequeno grupo de empresas cooperativas pero, sobre todo, un equipo único de traballadoras que funciona en rede de forma colaborativa complementando na xestión cultural, a venta, a produción, a comunicación e administración de proxectos culturais tanto dentro coma fóra de Galicia, acompañando a máis de 100 artistas de diferentes xeografías, estilos e linguaxes.

En Culturactiva cremos na cultura como motor de cambio, como unha ferramenta para mellorar a sociedade. Esa é a razón pola que nos levantamos cada día dende fai máis de 20 anos para traballar na xestión cultural, o teatro, a música, o circo, a produción escénica e musical, a distribución, a xestión integral de programacións e a organización de festivais e proxectos culturais. Así aportamos solucións reais ás necesidades das programadoras de entidades e institucións galegas e estatais.

Queremos unha cultura ACTIVA que nos axude a construír o mundo que queremos habitar, dende unha Galiza moderna e orgullosa das súas raíces e concretada con todas as expresións e foros artísticos do panorama internacional.



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836